

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE XULLO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na categoría de ouro.
- Decreto polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello do Porriño (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello do Porriño (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo dun treito antigo da estrada PO-400, no lugar da Igrexa, xunto co seu dominio público viario (DPV).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por un importe total de setecentos vinte mil euros (720.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato de subministración, instalación e posta en servizo operativo da actualización tecnolóxica do radar meteorolóxico da Xunta de Galicia situado no monte Xesteiras, en Cuntis.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión *Fulbright*) para a incorporación de auxiliares de conversa *Fulbright* para o curso 2026/27, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de cincocentos oitenta e cinco mil cento corenta e catro euros (585.144,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido na normativa de subvencións de Galicia e a eximir da obriga de constituír garantías na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2026/27 e se procede á súa convocatoria. Importe: corenta e seis millóns novecientos corenta e oito mil oitocentos noventa e tres euros (46.948.893,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración para o ano 2026 entre a Consellería de Política Social e Igualdade e catro entidades sociais coordinadas pola Fundación Aldaba para o desenvolvemento do programa de experiencias familiares de referencia "En familia". Importe: douscentos dezaotoito mil catrocentos cincuenta e cinco euros con noventa e catro céntimos (218.455,94€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 con carácter plurianual. Importe: seiscentos mil euros (600.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite e a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2029 en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de corenta e cinco millóns de euros (45.000.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria, para o ano 2026, das axudas para o impulso da utilización de madeira na construción: XERA-madeira.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da subministración de equipamento informático de alumnado para centros educativos no marco do proxecto Abalar - EDixgal, por un orzamento de licitación de cinco millóns oitocentos cincuenta e cinco mil catrocentos sete euros con oitenta céntimos (5.855.407,80 €), IVE incluído, e un valor estimado de catro millóns oitocentos trinta e nove mil cento oitenta euros (4.839.180,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación das obras de construción dun edificio para 80 aloxamentos compartidos de promoción pública (VPP), zonas comúns, garaxes e rochos na parcela M-V-6 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de nove millóns seiscentos seis mil cincocentos catro euros con vinte e seis céntimos (9.606.504,26 €), IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns setecentos trinta e tres mil cento oitenta e cinco euros con sesenta e nove céntimos (8.733.185,69 €), IVE excluído.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da planificación asistencial de recursos humanos en Atención Primaria 2027-2030 a presentar na mesa sectorial de Sanidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración, implantación e posta en marcha do equipamento de imaxe de alta tecnoloxía médica para a planificación e seguimento dos procedementos de protonterapia no Servizo Galego de Saúde, por un importe total de catorce millóns catrocentos oitenta e sete mil trescentos setenta e tres euros con trinta e catro céntimos (14.487.373,34 €) e un valor estimado de once millóns novecentos setenta e tres mil trinta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (11.973.035,82 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Friol para realizar o proxecto de execución dun edificio dotacional destinado a biblioteca municipal e museo do queixo e do pan de Ousá, por importe de trescentos corenta e dous mil novecentos setenta euros con dezaseis céntimos (342.970,16 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ordes para obras de adecuación interior para a implantación de Sala de Lectura e Centro Cultural Multiusos, por importe de cento noventa e nove mil oitocentos sesenta e catro euros (199.864,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Culturgal para o desenvolvemento da décimo novena edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia-Culturgal 2026 por importe douscentos corenta mil cen euros (240.100,00 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., para a execución e seguimento das queimas prescritas e para a avaliación do risco hidrolóxico-erosivo despois de incendio, por un importe total de trescentos vinte e oito mil novecentos corenta e un euros con corenta e oito céntimos (328.941,48€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o balance da aplicación nos centros de educación secundaria do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE, UGT-SP Ensino e CSIF sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a ampliación de capital social da Sociedade para o Aproveitamento de Recursos Naturais de Galicia RDG, S.A. (Recursos de Galicia-RDG).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o balance integrado dos programas galegos de detección precoz no período neonatal.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre os avances no marco do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias. Xullo 2026.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a concesión de axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros en 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONCESIÓN DA MEDALLA DE GALICIA PARA CATRO MULLERES QUE SON EXEMPLO DA INTEGRACIÓN, ARRAIGO E O COMPROMISO DA COLECTIVIDADE GALEGA NO EXTERIOR

- Rueda resalta que é “o galardón máis importante” que outorga a Xunta
- Unha das galardoadas é Claudia Álvarez, presidenta dun grupo de hoteis na Arxentina e actual vicecónsul honoraria de España en Mar del Plata
- Tamén obteñen este recoñecemento Carla Angola, unha das xornalistas máis influentes de Venezuela, e a odontóloga Camila Fernández, referente no Brasil
- A cuarta Medalla é para Beatriz Gil, que exerce como fiscal xefa de Menores no cantón suízo de Argovia
- A entrega das Medallas de Galicia terá lugar o vindeiro venres, 24 de xullo

O presidente do Goberno autonómico, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe conceder a Medalla de Ouro de Galicia a catro galegas do exterior que son un exemplo de integración e de contribuír a facer medrar o país de destino dos seus antepasados sen esquecer a súa terra de orixe. “Trátase do galardón máis importante que entrega a Xunta e, este ano, homenaxe a colectividade galega no exterior”, indicou.

Rueda lembrou que, nesta ocasión, as Medallas de Galicia buscan recoñecer “non só a aqueles galegos que hai décadas tiveron que saír de Galicia” senón aos seus descendentes que “son un exemplo de integración e compromiso que co seu talento e traballo seguen a engrandecer” os territorios aos que emigraron os seus familiares, e “sen esquecer as súas raíces”.

Unha das Medallas de Galicia recae en Claudia Álvarez, empresaria arxentina de orixe galega, que preside grupo Álvarez Argüelles Hoteles. Un negocio familiar que comezou en Mar del Plata e que agora conta con hoteis en distintos puntos de América. Ademais, mantén un forte vínculo con Galicia “a través do seu cargo como vicecónsul honoraria de España en Mar del Plata”.

Outra das galardoadas deste ano é a fiscal xefa de Menores no cantón suízo de Argovia, Beatriz Gil, que mantén unha estreita colaboración co asociacionismo galego en Zúrich “ao participar en actividades sociais e culturais”.

A terceira Medalla de Galicia homenaxe a Carla Angola, filla dunha ourensá exiliada tras a guerra civil española, e hoxe “unha das xornalistas máis influentes de Venezuela”. Logo de 18 anos de carreira profesional en Globovisión -onde se consolidou como presentadora e analista política-, trasladouse ata Miami e dirixe a súa propia plataforma de comunicación dixital que conta con millóns de seguidores nas redes sociais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, o Consello aprobou concederlle tamén a Medalla de Galicia a odontóloga Camila Fernández, unha das profesionais máis relevantes neste eido no Brasil. Rueda salientou tamén a súa actividade académica e científica e o seu vínculo con Galicia ao exercer como presidenta da Asociación de Empresarios Galegos en Río de Janeiro.

Rueda explicou que a entrega das Medallas de Galicia terá lugar, como é habitual, o vindeiro 24 de xullo nun acto en Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA O DECRETO DO INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL E CIENCIAS FORENSES DE GALICIA COA APROBACIÓN DO SEU NOVO REGULAMENTO

- O obxectivo é adaptar a regulación autonómica ao marco estatal vixente e actualizar a organización, estrutura e funcionamento do organismo
- Refórzase o seu carácter multidisciplinar para mellorar a calidade do servizo público prestado á cidadanía e á Administración de xustiza

O Consello da Xunta deulle o visto e prace ao proxecto de decreto polo que se aproba o novo regulamento do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia con que se substitúe o vixente desde 2005. O obxectivo é adaptar a regulación autonómica ao marco estatal vixente e actualizar a organización, estrutura e funcionamento do organismo, reforzando o seu carácter multidisciplinar e mellorando a calidade do servizo público prestado á cidadanía e á Administración de xustiza.

Así, o proxecto introduce unha ordenación actualizada dos órganos de dirección, define a estrutura territorial do instituto, concreta as funcións dos distintos servizos e reforza aspectos vinculados á formación, investigación, colaboración institucional e transformación dixital.

Unha das novidades é a modificación da denominación do organismo, ata o de agora coñecido como Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga). O cambio faise segundo o disposto na Lei orgánica do poder xudicial de 2015, que cambiou as denominacións destas entidades en recoñecemento ao seu carácter multidisciplinar, posibilitando a integración de unidades de valoración forense integral e de equipos técnicos especializados.

Introdúcense tamén cambios organizativos derivados da experiencia acumulada, entre os que destacan a incorporación dos partidos xudiciais de Lalín e da Estrada ao ámbito da Subdirección Territorial de Pontevedra. Este cambio territorial responde á distribución de planta xudicial existente na Comunidade e permite homoxeneizar a distribución da carga de traballo e dos recursos das subdireccións para dar mellor resposta. Tamén se desligan as funcións da dirección das funcións propias da subdirección territorial de Santiago de Compostela. Ademais, os membros electos do Consello de Dirección amplíanse a outros colectivos profesionais periciais con destino no instituto.

Ademais, regúlanse as unidades de valoración forense integral, como equipos interdisciplinarios formados por persoal médico forense, da psicoloxía e do traballo social, con formación especializada en familia, menores e persoas con discapacidade e en violencia de xénero e violencia sexual. Recoñécese tamén a posibilidade de desenvolver actividades docentes, investigadoras e de colaboración no ámbito da medicina legal e forense.

Outras novidades funcionais son a previsión de seccións especializadas de valoración do dano corporal, psiquiatría forense e valoración psicosocial ou a posible creación dun laboratorio forense, en función das necesidades organizativas e funcionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia é un órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza que ten entre as súas funcións a práctica de probas periciais forenses, a realización de actividades de docencia e investigación, e ser fonte de información sanitaria e social, en colaboración e coordinación coas autoridades, administracións e institucións competentes na materia de prevención, promoción da saúde e benestar social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE O CATÁLOGO DE ACTIVIDADES E CENTROS OBRIGADOS A REXISTRAR PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA FACILITAR A SÚA APLICACIÓN E MELLORAR O REXISTRO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a actualización deste documento para clarificar determinados aspectos da norma, adaptar o catálogo de actividades obrigadas a contar con plan de autoprotección e simplificar os trámites de rexistro

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica o Decreto de 2022 polo que se aproba o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que as persoas titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar plans de autoprotección (PAU). A modificación responde á experiencia acumulada nos últimos anos de aplicación da norma e ten como obxectivo facilitar a súa interpretación, mellorar a súa aplicación práctica e adaptar determinados aspectos ás necesidades detectadas polos titulares das actividades afectadas e polos servizos públicos de emerxencias.

Entre as principais novidades inclúese a incorporación de novas definicións e a revisión da relativa aos espazos delimitados, co fin de reforzar a seguridade xurídica e evitar confusión de interpretacións.

Tamén se modifican os artigos relativos á implantación e ao mantemento dos plans de autoprotección para clarificar que os simulacros forman parte do mantemento dos plans e non da súa implantación. Ademais, establécese expresamente a obriga de comunicar ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia a realización destes exercicios.

Outra das modificacións afecta as actividades temporais. Co obxectivo de facilitar o cumprimento das obrigas de rexistro, habilítase a posibilidade de presentar unha comunicación previa de compromiso de implantación antes da emisión do certificado definitivo cando non sexa posible completar todos os trámites coa antelación suficiente.

No ámbito do Rexistro Electrónico de Plans de Autoprotección de Galicia introdúcense melloras para simplificar a inscrición e a consulta da información. Entre outras medidas, prevese a posibilidade de realizar baixas de oficio e agrúpanse os planos para facilitar a súa xestión.

A actualización do catálogo incorpora tamén os túneles das estradas do Estado, en coherencia coa Norma básica de autoprotección, e, ao mesmo tempo, revisa e actualiza as referencias normativas relacionadas co almacenamento de produtos químicos, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguridade contra incendios en establecementos industriais, a xestión de residuos perigosos e determinadas infraestruturas enerxéticas.

Estas modificacións permitirán mellorar a coordinación cos servizos de emerxencias, facilitar o cumprimento das obrigas por parte dos titulares das actividades e reforzar a eficacia dos plans de autoprotección como instrumento fundamental para a prevención e a resposta ante situacións de emerxencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA O CONCELLO DO PORRIÑO

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproban o novo escudo e a bandeira deste municipio pontevedrés
- O Goberno galego leva aprobados un total de 291 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban novos símbolos para o Concello do Porriño, tanto o escudo como a bandeira, e que xa recibiron informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 11 de xuño.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso do Concello do Porriño a bandeira leva o pano azul coa torre donxonada de amarelo, flanqueada de dúas espigas, tamén de amarelo, e acompañada no alto do compás e chumbada de branco e dunha roda dentada, tamén de branco. Ao batente, dúas franxas de branco, verticais e ondadas.



No caso do escudo é de azur (azul) e sobre ondas de prata (branco) e azur, unha ponte defendida cunha torre donxonada, todo de ouro (amarelo), flanqueado de dúas espigas de ouro, bordura cosida con oito rodas dentadas de prata e, no centro do xefe, un compás e unha chumbada de prata. Ao timbre, a coroa real.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego leva aprobados un total de 291 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ARBO DUN TRAMO DE 1,3KM DA ESTRADA PO-400

- O treito obxecto da transferencia, que discorre polo lugar da Igrexa, xorde dunha modificación do trazado da PO-400 e serve de vía de acceso a predios e vivendas
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo dun treito antigo da estrada PO 400, no lugar da Igrexa, xunto co seu dominio público viario.

En concreto, apróbase a transferencia dun treito de 1,3 quilómetros da citada estrada, que discorre pola súa marxe esquerda. Este tramo xorde dunha modificación de trazado da PO-400, discorre na súa totalidade polo termo municipal de Arbo e serve de vía de acceso a predios e vivendas. Transfírese, ademais, o ramal de 85 metros de lonxitude de titularidade autonómica que conecta actualmente este treito antigo coa estrada PO-400 no seu pq. 24+200.

O traspaso da vía tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Arbo terá a competencia para actuar neste treito de estrada e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL QUE EXECUTARÁN AS ONGD

O Consello da Xunta dá luz verde a esta convocatoria que financia actividades relacionadas coa sensibilización, concienciación, formación e investigación sobre o desenvolvemento, así como a incidencia e a mobilización social para crear redes de solidariedade na comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), por importe de 720.000 euros ata 2027. A subvención mantense respecto ás últimas convocatorias e unha dotación distribuída entre os 288.000 euros deste exercicio e os 432.000 euros restantes previstos para o próximo ano.

Poderanse financiar actividades que forman parte da educación para o desenvolvemento desde catro perspectivas: a sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; a formación sobre o desenvolvemento e a súa difusión nos ámbitos educativos; a investigación neste ámbito; así como a incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONGD e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, isto é, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

Ademais, como novidade, esta convocatoria ábrese a que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e as súas entidades ou centros de investigación públicos poidan ser tamén entidades beneficiarias directas das axudas, sen necesidade de que teñan que presentarse en agrupación cunha ONGD.

O importe máximo para proxectos individuais executados en 2026 é de 26.000 euros e de 37.000 euros se se trata de iniciativas plurianuais. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a contía da axuda poderá acadar os 47.000 euros, se son programas plurianuais; e de 36.000 euros, se son anuais.

A Xunta destaca a importancia da educación para o desenvolvemento, ao tratarse dun valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 1,6 M€ NA MODERNIZACIÓN DO RADAR METEOROLÓXICO DE CUNTIS PARA SITUALO Á VANGARDA TECNOLÓXICA DE ESPAÑA, REFORZAR A CALIDADE DA PREDICIÓN E ANTICIPARSE MELLOR A FENÓMENOS ADVERSOS

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ultima a licitación do contrato para poñer en marcha un novo radar de estado sólido, así como os equipos e sistemas necesarios para actualizar integralmente esta infraestrutura que está operativa desde 2010 e que é esencial para a Rede de observación meteorolóxica galega
- Coa incorporación desta nova e moderna tecnoloxía, o sistema autonómico gañará en fiabilidade e eficiencia e situarase ao nivel dos radares máis avanzados empregados polos principais servizos meteorolóxicos do mundo
- A evolución tecnolóxica prevista permitirá tamén reducir o risco de parada total do sistema, asegurando a súa operatividade incluso durante episodios adversos, así como diminuír os custos de mantemento e alongar a vida útil do radar

A Xunta de Galicia ten comprometido un investimento de 1,63 millóns de euros co fin de modernizar de forma integral o radar meteorolóxico de Cuntis, unha infraestrutura clave dentro da Rede de observación meteorolóxica autonómica e que desde a súa posta en marcha, no ano 2010, proporciona información esencial para a vixilancia atmosférica, a emisión de avisos e o apoio no servizo de predición que ofrece a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través de MeteoGalicia.

O Consello tomou razón hoxe da próxima licitación do contrato para a subministración, instalación e posta en marcha operativa dun novo radar baseado na chamada tecnoloxía de estado sólido —máis moderna, fiable e eficiente que a utilizada agora— así como dos equipos e sistemas necesarios para a actualización integral das instalacións. Deste xeito, Galicia situarase á vangarda dos servizos meteorolóxicos de toda España, xa que ningunha outra comunidade conta a día de hoxe cun radar que opere con esta tecnoloxía capaz non só de mellorar a calidade e a fiabilidade da predición, senón tamén de reforzar a capacidade de anticipación ante fenómenos adversos.

A actuación prevista pola Consellería permitirá optimizar un equipamento esencial para Galicia e que, tendo en conta tanto a súa antigüidade —leva 16 anos en funcionamento— como a obsolescencia progresiva dos seus compoñentes críticos, necesita unha modernización que o sitúe á altura dos estándares actuais neste eido.

De feito, tras a actualización, o radar aliñárase coas tecnoloxías adoptadas polos principais servizos meteorolóxicos do mundo, facilitando así a interoperabilidade, o intercambio de datos e a integración en redes e proxectos de ámbito europeo, ademais de cumprir cos criterios actuais de eficiencia enerxética e sustentabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o radar do monte Xesteiras —o único que ten a Xunta en Galicia e integrado na rede de observación xunto coas 160 estacións meteorolóxicas e os 4 sensores de detección de raios— adecuarase aos estándares tecnolóxicos modernos e reforzará a capacidade de apoio na toma de decisións públicas, garantindo a continuidade do servizo de predición.

Cómpre subliñar que un sistema de radar máis fiable, preciso e robusto constitúe unha ferramenta esencial de apoio para as administracións en situacións de risco, permitindo dispor de información meteorolóxica de maior calidade en tempo real e contribuíndo a unha mellor xestión de emerxencias e á protección de persoas e bens.

Neste sentido, o novo equipamento optimizará a calidade, estabilidade e fiabilidade dos datos obtidos, reforzando a capacidade de vixilancia atmosférica e predición de MeteoGalicia e contribuíndo á adaptación ao cambio climático, á xestión de riscos naturais e á mellora dos sistemas públicos de información ambiental, en liña cos obxectivos do programa europeo Feder 2021-2027, co que se cofinanciará nun 60 % esta actuación.

A modo de exemplo, mellorarase a resposta ante fenómenos adversos, especialmente en caso de choiva intensa, tormentas, graíño ou situacións de risco que requiran información en tempo real, fiable e sen interrupcións, xa que outra das vantaxes da renovación tecnolóxica do sistema é que diminuírá o risco de paradas non planificadas, asegurando que siga operativo incluso durante episodios adversos. Ademais, esta transición tecnolóxica reducirá o mantemento e as tarefas de conservación, co conseguinte aforro de custos e o alongamento significativo da vida útil do radar.

Desenvolvemento en dúas fases

Todos estes obxectivos conseguiranse tecnicamente mediante a migración do sistema actual, un radar de banda C baseado en tecnoloxía de magnetron (moi dependente de elementos cuxa fabricación cada vez é máis limitada), a unha solución de transmisión de estado sólido (máis eficiente e estable, aliñada cos estándares tecnolóxicos actuais).

Neste sentido, o contrato comprende a renovación dos subsistemas críticos do radar e dos seus elementos asociados así como os servizos técnicos necesarios para a súa integración, configuración e posterior posta en marcha.

A solución deberá ser compatible cos elementos da infraestrutura existente que se manteñan operativos para garantir unha transición ordenada e minimizar a afectación ao servizo. Por iso, desenvolverase en dúas fases: a primeira, ao longo deste ano, centrarase na fabricación dos elementos, a integración, os controis de calidade e os tests en fábrica, mentres que a segunda, prevista para 2027, consistirá no transporte e instalación dos equipos, a realización de probas *in situ* e a formación do persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O ACORDO COA COMISIÓN FULBRIGHT PARA DOTAR O SISTEMA EDUCATIVO DE 43 AUXILIARES DE CONVERSA DE ALTO PERFIL ACADÉMICO O PRÓXIMO CURSO

- O Consello autoriza o convenio coa entidade estadounidense a través do cal o Goberno galego financia o 87 % do programa cunha achega de 515.808 €
- Educación traballa no deseño dunha vía alternativa para compensar a cota de auxiliares que ata o de agora seleccionaba o Ministerio e sufragaba Galicia, e que se viu obrigada a abandonar ante a falta de seguridade xurídica
- O Goberno galego reafirma o compromiso coa aprendizaxe de idiomas con novas accións que se porán en marcha de cara ao curso que vén

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos (Comisión *Fulbright*) para dotar o sistema educativo galego de auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico. Serán un total de 43 persoas as que cheguen aos nosos colexios e institutos a través deste colaboración enmarcada na Estratexia galega de linguas estranxeiras EDULingüe 2030, e que a Xunta leva mantendo desde o ano 2016. De feito, desde ese curso, os auxiliares *Fulbright* multiplicáronse por case catro.

O importe para levar a cabo esta acción dirixida a impulsar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nas aulas galegas ascende a 585.144€, dos cales a Xunta de Galicia financia o 87 %. Isto é, achega un total de 515.808€, mentres que a Comisión *Fulbright* destina os 69.336 restantes. Ademais desta colaboración coa entidade estadounidense, co mesmo obxectivo, a Consellería de Educación está a ultimar tamén os convenios cos institutos Confucio (para auxiliares de conversa chinés) e Camoes (de portugués) coa previsión de que se incorporen como persoal de apoio á aprendizaxe de linguas nas aulas galegas.

Modelo alternativo ao acordo co Ministerio

Paralelamente, o departamento educativo do Goberno galego está traballando no deseño dun modelo alternativo de dotación de auxiliares de conversa que substitúa a vía vixente ata o de agora a través do Ministerio de Educación, logo de que a Xunta se vise obrigada a abandonalo debido á súa falta de seguridade xurídica, que comporta multas millonarias para as comunidades autónomas.

Cómpre lembrar que os auxiliares de conversa que chegaban ata o de agora a Galicia pola vía de acordos de cooperación a través do Goberno central facíano coas condicións establecidas polo Ministerio de Educación, que é quen marcaba os requisitos, seleccionaba os auxiliares e asignaba as prazas. Pola súa banda, o Goberno galego sempre cumpriu coas condicións fixadas desde o Ministerio e, ademais, facíase cargo da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maior parte do custo deste asumindo o 90 % do seu financiamento (4,8 M€ dos 5,2 M€ totais).

Ante este contexto, e logo de que o Goberno central rexeitase o ofrecemento de Galicia de transferirlle fondos autonómicos para que fose o Ministerio o que xestionase directamente este auxiliares, a Xunta reafirma o seu compromiso coa aprendizaxe de linguas e, para tal fin, está ultimando novas vías de reforzo neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BLINDA A GRATUIDADE PARA O 100 % DO ALUMNADO NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE INICIATIVA SOCIAL E NAS PRIVADAS, QUE VOLVEN PRIORIZAR NO ACCESO ÁS FAMILIAS EN QUE TRABALLAN OS DOUS PROXENITORES

- Destínanse 47 millóns de euros a esta convocatoria que ten como obxectivo consolidar a Galicia na taxa de escolarización desta etapa, que xa rolda o 65 %
- A nosa comunidade continúa tendo o programa de gratuidade máis ambicioso de toda España: oito horas diarias durante once meses ao ano
- No curso 2026-2027 máis de 32.000 familias beneficiaranse da gratuidade das escolas infantís 0-3, sen custo pola matrícula nin pola atención educativa dos seus fillos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas con que se blindará un curso máis a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de iniciativa social e nas privadas para o 100 % do alumnado de 0 a 3 anos no próximo curso 2026/27. A convocatoria ten un orzamento de 47 millóns de euros.

Ao igual que o ano anterior, fíxase un calendario único de matriculación para todas estas escolas e mantense a obrigatoriedade de aplicar os mesmos criterios de preferencia no acceso. Así, daráselle prioridade ás familias en que traballan os dous proxenitores ou o proxenitor no caso das familias monoparentais. Tamén se inclúen criterios de preferencia para favorecer as familias con irmáns na escola e os fillos do persoal do centro, así como as familias numerosas, as monoparentais e os nenos nados de parto múltiple.

O obxectivo desta medida é que Galicia blinde o seu liderado nesta etapa educativa, que ten por terceiro curso consecutivo. Os datos do Ministerio de Educación sinalan que a nosa comunidade conta con case un 65 % de nenos e nenas escolarizados, superando en quince puntos a media nacional.

Cómpre lembrar que Galicia foi pioneira na implantación da gratuidade, un proceso que iniciou no curso 2019/20 para as familias con dous ou máis fillos e que desde o curso 2022/23 se ampliou ao 100 % do alumnado. Hoxe Galicia mantense como referente, xa que o seu programa de gratuidade segue a ser o máis ambicioso de toda España: oito horas diarias durante once meses ao ano.

Unha medida que a Xunta financia na súa totalidade con fondos propios, con 68 millóns de euros este ano, e sen achegas por parte do Goberno central. Con esta medida, ponse á disposición das familias galegas 32.000 prazas de 0 a 3 anos totalmente de balde, sen que teñan que afrontar os custos de matriculación e da atención educativa. A estas prazas hai que engadir outras 500 nas casas niño do rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta aboará tres anticipos ás escolas. O primeiro deles será do 100 % da cantidade correspondente ao período de setembro a decembro de 2026, para que os centros dispoñan da liquidez ao inicio do curso. O segundo anticipo será do 50 % do importe da achega e efectuarase a comezos de 2027 para o período de xaneiro a marzo e, por último, no mes de abril de 2027 librarase outro 50 % correspondente ao período abril-xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 220.000 € AO PROGRAMA 'EN FAMILIA' PARA FACILITAR QUE NENOS E ADOLESCENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN POIDAN VIVIR CUNHA FAMILIA ACOLLEDORA

- Este programa beneficia unha trintena de menores e é unha das accións do Goberno galego para fomentar o acollemento como medida prioritaria de protección
- Galicia mantense como a segunda comunidade autónoma con mellores ratios de acollemento familiar

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración por preto de 220.000 euros con catro entidades sociais, coordinadas pola Fundación Aldaba, para dar continuidade ao programa En Familia. O obxectivo desta iniciativa é brindar aos menores que viven en centros residenciais do sistema de protección a posibilidade de vivir cunha familia acolledora.

Este programa que se desenvolve en Galicia desde 2020 foi aumentando a súa presenza xeográfica e o número de beneficiarios. De feito, nesta edición prevese que sexan unha trintena os nenos e adolescentes que poidan vivir cunha familia allea. Isto facilita que gañen experiencias propias sobre a vida familiar, facilitando a súa integración, inclusión e benestar.

O programa En Familia é unha das accións de referencia do Goberno galego para fomentar o acollemento como medida de referencia no sistema de protección. Nestes momentos, Galicia é a segunda comunidade con mellor ratio de acollemento familiar sobre o total de medidas de protección, segundo os datos do Goberno de España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 600.000 € A FINANCIAR PROGRAMAS DE ENTIDADES SOCIAIS QUE PROMOVAN A INSERCIÓN LABORAL DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta liña de axudas ten carácter plurianual e permitirá a contratación de preto de 30 mulleres, que se suman ás 130 beneficiadas en anteriores convocatorias

O consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas de 600.000 euros destinada a financiar programas desenvolvidos por entidades sociais que promovan a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.

A través desta liña de axudas, o Goberno galego dá continuidade á súa aposta polo emprego como elemento clave para a recuperación integral das mulleres en situación de violencia de xénero. Deste xeito, non só se facilita a súa inserción laboral, senón que se lles facilita que gañen autonomía e acaden maior independencia económica.

Esta convocatoria de axudas, distribuída en dúas anualidades, 2026 e 2027, posibilitará a contratación de preto de 30 mulleres que sofren violencia de xénero ou son vítimas de trata ou explotación sexual. Desde 2021, a través desta liña de subvencións da Xunta, un total de 80 entidades sen ánimo de lucro resultaron beneficiarias e facilitaron a inserción laboral de 130 mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA AUTOMOCIÓN E APROBA 45 M€ NA TERCEIRA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS Á TRANSICIÓN AO VEHÍCULO ELÉCTRICO

- A medida enmárcase na aposta do Goberno galego por unha industria estratéxica á que destinará máis de 230 millóns de euros entre 2024 e 2027 a través do Plan Director da Automoción e do Programa extraordinario de axudas ao sector
- Os apoios poderán cubrir ata o 50% dos custos subvencionables nos proxectos de I+D+i, ata o 32,5% nos investimentos orientados á protección ambiental e á descarbonización, e ata o 50% dos gastos de consultoría en proxectos para pemes
- A convocatoria publicárase mañá no Diario Oficial de Galicia e o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á terceira convocatoria extraordinaria de axudas dirixida ao sector da automoción e dotada con 45 millóns de euros. A iniciativa, promovida pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, busca acelerar a transición cara ao vehículo eléctrico, avanzar na descarbonización dos procesos produtivos e reforzar a competitividade dun sector industrial clave para o presente e o futuro de Galicia.

A convocatoria dá continuidade deste modo ao programa extraordinario posto en marcha en 2024 polo Goberno galego para acompañar a transformación tecnolóxica, dixital e ambiental da automoción nun contexto de grandes cambios asociados á electrificación, á sustentabilidade e ás novas formas de mobilidade.

As axudas, que como en convocatorias anteriores foron deseñadas tras un proceso de diálogo co Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (Ceaga), están deseñadas para apoiar plans de investimento orientados á incorporación de tecnoloxías limpas, á dixitalización e modernización dos procesos produtivos e á mellora da eficiencia no uso dos recursos. Concederanse en réxime de concorrencia non competitiva e poderán beneficiarse delas empresas da automoción con centro de traballo en Galicia, así como agrupacións empresariais nas condicións previstas para cada liña de actuación.

A convocatoria estrutúrase en tres liñas de actuación. A primeira está destinada a proxectos de desenvolvemento experimental e de innovación en organización e procesos; a segunda, a actuacións en materia de protección do ambiente e a terceira está dirixida ás pemes para facilitar a súa adaptación á mobilidade verde, descarbonizada e conectada.

As axudas desta convocatoria poderán alcanzar o 50 % nos proxectos de desenvolvemento e innovación e o 32,5 % nos investimentos de protección ambiental e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

descarbonización, en función do tamaño da empresa. No caso das pemes, subvencionarase ata o 50 % dos gastos de consultaría asociados aos proxectos de transformación e modernización produtiva.

Prazos

A convocatoria publicarase mañá no Diario Oficial de Galicia e o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro de 2026. Os proxectos poderán executarse ata o 30 de xuño de 2029.

Esta nova convocatoria enmárcase na estratexia que a Xunta vén desenvolvendo para consolidar Galicia como un dos principais polos da automoción en Europa e acompañar a este sector industrial nun momento decisivo marcado pola electrificación e a descarbonización.

Neste contexto, a Xunta ten previsto mobilizar máis de 230 millóns de euros a través do Plan director da automoción de Galicia 2025-2027, dotado con 134,1 millóns de euros, e do Programa extraordinario de apoio á descarbonización e á transición ao vehículo eléctrico iniciado en 2024.

A estes instrumentos súmase o programa Industria Innova 2026, que reserva o 50 % da súa dotación, un total de 15 millóns de euros, para proxectos vinculados ao sector da automoción. A convocatoria atópase actualmente na fase final de resolución, cunha elevada demanda por parte das empresas, o que evidencia o dinamismo do sector e a súa aposta pola innovación e a modernización industrial.

Industria estratéxica para Galicia

A automoción constitúe un dos principais motores industriais e económicos e conforma unha das cadeas de valor industriais máis importantes de Galicia. O sector industrial desempeña un papel fundamental pola súa contribución ao PIB, á actividade exportadora, ao investimento en innovación e á creación de emprego cualificado.

Con máis de 24.000 empregos directos e unha cadea de valor integrada por máis de 200 empresas, a automoción galega sitúase entre os sectores industriais con maior capacidade tractora sobre o conxunto da economía. Por iso, a Xunta mantén unha aposta firme por acompañar a súa transformación e reforzar a súa competitividade, garantindo que Galicia continúe ocupando unha posición de referencia no ámbito da mobilidade sostible e da industria do futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA NOVA CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA PROMOVER A CONSTRUCCIÓN EN MADEIRA ENTRE EMPRESAS E PARTICULARES CUN ORZAMENTO DE 5 M€

- Como novidade, a Xera incrementa ata os 250.000 euros as axudas máximas no caso de tratarse de edificacións en altura, de uso residencial colectivo ou promocións singulares
- Os apoios son para proxectos e obras de nova construción, rehabilitación ou reforma tanto de vivendas unifamiliares ou colectivas como de establecementos de negocios que empreguen a madeira como elemento estrutural

O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria das axudas que vai publicar nos vindeiros días a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), para promover entre empresas e particulares o uso da madeira como elemento estrutural na construción.

Trátase dunha convocatoria bienal, en réxime de concorrência non competitiva, que nesta nova edición conta cun orzamento de 5 millóns de euros e que dá continuidade ás anteriores que se levan publicado desde 2020 pero coa novidade de que se incrementan ata os 250.000 euros as axudas máximas no caso de tratarse de edificacións en altura, de uso residencial colectivo ou promocións singulares.

Esta denominación é outra das novidades desta convocatoria das axudas Xera-Madeira para referirse a aquelas obras que incorporan solucións técnicas, construtivas ou funcionais innovadoras ou non habituais en Galicia; aquelas que, por este motivo, teñan a consideración de proxecto piloto; as que teñan un impacto territorial, social ou estratéxico relevante a escala supramunicipal; que integren múltiples usos ou funcionalidades de modo non convencional ou solucións específicas derivadas de condicións ambientais, urbanísticas ou patrimoniais.

As axudas están destinadas a proxectos e obras de nova construción, rehabilitación ou reforma tanto de vivendas unifamiliares ou colectivas como de establecementos de negocios, co requisito de que a madeira sexa un elemento estrutural (poden ser sistemas mixtos con formigón ou aceiro). Pode empregarse, tamén, nos sistemas de compartimentación, nas envolventes e acabados, excepto nas carpintarías e pavimentacións interiores.

Unha vez que sexa publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) as empresas e particulares interesados poderán presentar a súa solicitude no prazo dun mes ou ata o esgotamento do crédito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CERCA DE 6 M€ Á COMPRA DE MÁIS DE 8.000 ORDENADORES PORTÁTILES PARA O ALUMNADO

- O Consello de Goberno aproba a tramitación dun novo contrato para completar a dotación do alumnado no marco do proxecto Abalar EDixgal
- Os novos ordenadores, cun prezo unitario de licitación de 590 euros, estarán dispoñibles nun prazo de catro meses a partir da formalización do contrato

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a tramitación do contrato que permitirá comprar máis de 8.000 ordenadores ultraportátiles para o alumnado dos centros educativos de Galicia no marco do proxecto Abalar EDixgal. O orzamento da licitación é de 5,8 millóns de euros (IVE incluído) e o prazo de execución é de catro meses a partir de adxudicación, sen posibilidade de prórroga.

O novo contrato permitirá dar continuidade aos obxectivos do primeiro eixe do proxecto Abalar para a dotación de infraestruturas e equipamentos na totalidade dos centros educativos públicos de Galicia. En concreto, actualiza o prezo unitario de licitación dos ordenadores a 590 euros, xa que no anterior contrato de 2021, coa fórmula de acordo marco, era de 365 euros. Este aumento é consecuencia do encarecemento dos compoñentes e a mellora das especificacións técnicas exixidas.

Os equipos, que serán usados polo alumnado de EDixgal, son ordenadores ultraportátiles de tipo convertible con teclado integrado, e inclúen adaptadores de carga para os armarios de Abalar que hai nos centros educativos, e unha bolsa de transporte.

A Xunta puxo en marcha en 2010 o proxecto Abalar para a integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na educación. Ademais das infraestruturas e equipamentos nos centros, os outros eixes do proxecto son a formación e o fomento da cultura dixital, os contidos educativos dixitais e a participación e colaboración.

Na actualidade, todas as aulas do sistema educativo público e concertado de Galicia contan con dotación de paneis dixitais e equipamento informático nas aulas e dispoñen de contidos dixitais adaptados. Cerca de 600 centros, con máis de 60.000 alumnos, participan, ademais, no programa híbrido de EDixgal, que combina contidos analóxicos e dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 80 ALOXAMENTOS COMPARTIDOS PARA MENORES DE 36 ANOS EN VIGO

- As vivendas construíranse nunha parcela do polígono 2 de San Paio de Navia, urbanizada pola Xunta de Galicia
- O importe de licitación é de máis de 9,6 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato de execución das obras de construción de 80 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos que se construíran na parcela M-V-6 do polígono 2 de San Paio de Navia, en Vigo, urbanizada pola Xunta de Galicia. O importe de licitación do contrato será de 9.606.504,26 euros.

A licitación ten por obxecto a contratación das obras de construción dun edificio para 80 aloxamentos compartidos de promoción pública, zonas comúns, 29 prazas de garaxe para coche, 92 prazas para aparcadoiro de bicicletas e 80 rochos segundo o proxecto redactado polos arquitectos Juan José Taboada Castro e Alfonso Penela Fernández (UTE Juan Taboada - Alfonso Penela Arquitectos). A redacción do proxecto e dirección de obra foi licitada por 444.562,80 euros e adxudicados por 355.561,32 euros.

Proxéctanse catro aloxamentos adaptados a persoas con mobilidade reducida e catro prazas de garaxe tamén adaptadas.

O edificio consta dunha planta de soto, planta baixa, catro altas e planta de cuberta transitable, co seguinte programa funcional por planta:

- Planta soto: 29 prazas de garaxe para coches, 92 prazas para o estacionamento de bicicletas e cuartos de instalacións.

- Planta baixa: soportal con fronte á rúa Lamelas e á rúa lateral V-V-C2; dous portais de acceso aos aloxamentos, cos seus correspondentes núcleos de escaleiras e ascensores; cuartos de instalacións, cuartos de limpeza e locais de reserva para o almacén de contedores do lixo en cada un dos portais; un local de traballo e uso flexible, con aseos; local de reserva para centro de transformación, local para os equipamentos exteriores de aerotermia e un patio exterior descuberto situado na fachada posterior do edificio.


- Catro plantas altas: para uso residencial, con 20 aloxamentos, 20 rochos, dúas lavandaría e dous cuartos para o secado da roupa en cada unha das plantas.

- Planta de cuberta transitable: destínase a terraza para uso comunitario e zona de instalacións. O acceso realízase a través dos dous núcleos de comunicación vertical. O programa das vivendas é o seguinte:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	N.º ALOXAMENTOS	N.º ALOXAMENTOS ADAPTADOS	TOTAL ALOXAMENTOS	SUPERFICIE ÚTIL MEDIA DE ALOXAMENTO (M2)
Estancia única	4	4	8	33,13
1 dormitorio	72		72	31,83
2 dormitorios				
TOTAL	76	4	80	

A Xunta ten en marcha en Vigo un total de 927 vivendas de promoción pública, todas elas en parcelas urbanizadas polo Goberno galego.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Medidas para a mocidade

Ademais de regular os aloxamentos compartidos como nova solución habitacional, con actuacións en marcha, ademais de Vigo, en Santiago, Lugo e A Coruña, o Goberno galego impulsa medidas para facilitar o acceso das persoas mozas á vivenda. Deste xeito, ao menos o 40 % das vivendas que constrúe a Xunta para alugueiro e o 25 % no caso das destinadas á venda resérvanse para menores de 36 anos. A Xunta reserva tamén o 30 % das vivendas destinadas á compra para persoas entre 36 e 45 anos con fillos ao seu cargo.

Así mesmo, a Xunta ofrece axudas para adquisición de vivenda protexida e en centros históricos. No caso das primeiras, para as vivendas situadas en municipios de prezo máximo superior (Pontevedra, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, e Vigo), poden acadar ata 20.000€ por vivenda, se son adquiridas por persoas menores de 36 anos. No caso dos restantes municipios de Galicia, a axuda é de ata 16.000€ para menores de 36 anos.

No que se refire ás achegas para compra de vivenda en centros históricos, poden acadar ata 12.800 euros no caso de persoas menores de 36 anos, e ata 15.000 euros se a vivenda está situada nunha zona declarada como área Rexurbe.

Estas achegas son compatibles cos avais da Xunta para cubrir o 20 % do aval hipotecario para mercar unha vivenda, facilitando así o financiamento do 100 % do custo da vivenda. No caso de que se trate dunha primeira vivenda, a Xunta vai elevar dos 36 aos 45 anos a idade máxima para beneficiarse destes avais para adquirir a primeira vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ A ATENCIÓN PRIMARIA CO AUMENTO DE PRAZAS EN DIVERSAS ESPECIALIDADES SEGUNDO A POBOACIÓN ASIGNADA E COA INCORPORACIÓN DA PODOLOXÍA AOS CENTROS DE SAÚDE

- As medidas encádranse nas conclusións do grupo de traballo de planificación asistencial de recursos humanos creado polo Servizo Galego de Saúde para impulsar unha reforma integral deste nivel asistencial
- Establécense os criterios para determinar o incremento de persoal, tendo en conta a actividade asistencial diaria, a poboación asignada e unha dimensión organizativa suficiente para que a nova dotación de profesionais se integre de forma eficiente
- Potenciarase o papel da matrona para atender as mulleres durante todo o ciclo vital
- Continuarase a avanzar ata acadar a ratio dunha praza de enfermería por cada posto de medicina familiar e comunitaria
- Defínense tamén as ratios óptimas para as categorías de fisioterapia, odontoloxía, hixienistas dentais, técnicos auxiliares en coidados de enfermería, farmacia, traballo social e persoal de servizos xerais
- Mantense o compromiso de potenciar a rede de psicoloxía clínica en atención primaria, despois de ter incrementado este ano o número de especialistas ata 28

A Xunta reforzará a atención primaria aumentando o número de prazas de distintas categorías en función da poboación asignada e incorporando, por primeira vez, a categoría de podoloxía aos centros de saúde.

Na súa reunión de hoxe, o Consello da Xunta coñeceu as conclusións do grupo de traballo de planificación asistencial de recursos humanos 2027-2030 creado polo Servizo Galego de Saúde para impulsar unha reforma integral da atención primaria. Estas conclusións tamén se presentan nesta xornada ante a representación do persoal na Mesa Sectorial de Sanidade.

A proposta de reforzo estrutural concentra a incorporación de novos profesionais a aqueles centros nos cales conflúen tres elementos clave: unha elevada poboación asignada, unha actividade asistencial diaria por riba dos limiares considerados axeitados e unha dimensión organizativa suficiente para que a nova dotación de persoal se integre de forma eficiente.

Sobre a base da análise realizada polo grupo de traballo constituído por acordo entre a Consellería de Sanidade e a práctica totalidade das organizacións sindicais, o Servizo Galego de Saúde incluírá nos equipos de atención primaria podólogos, que principalmente poidan abordar o pé diabético naqueles casos que sexan derivados polo persoal médico e de enfermería do paciente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa busca reducir os ingresos hospitalarios, diminuír o número de amputacións a pacientes con este problema e previr alteracións por motivos biomecánicos, a formación de úlceras ou outras patoloxías do pé.

Desta forma, o Servizo Galego de Saúde continúa a reforzar os equipos de atención primaria e comunitaria despois da recente incorporación da categoría de dietista-nutricionista en 2025.

Nesta liña de dar resposta ás necesidades da atención primaria tendo en conta o grave déficit de persoal médico dispoñible a nivel nacional, o grupo de traballo especializado en recursos humanos recolleu nas súas conclusións outras accións que, pola súa envergadura e impacto organizativo, serán levadas a cabo de forma progresiva ata 2030.

Continuarase a incrementar o persoal de enfermería ata acadar unha ratio dunha praza por cada posto de medicina familiar e comunitaria.

No caso da especialidade de enfermería obstétrico-xinecolóxica, está previsto dotar os centros de saúde das matronas suficientes tendo en conta que se ampliarán as súas funcións para atender as mulleres durante todo o seu ciclo vital. O obxectivo é que haxa unha praza por cada 6.000 mulleres.

Entre as conclusións do grupo de traballo está que en cada servizo de atención primaria se dispoña dunha praza de farmacia e tamén dunha de traballo social.

Conclúese que por cada unidade de fisioterapia exista un técnico de coidados auxiliares de enfermería (TCAE) e a ratio óptima de fisioterapeutas será de un por cada 12.000 tarxetas sanitarias asignadas.

En canto á saúde bucodental, traballarase para contar cunha praza de odontoloxía por cada 25.000 persoas e acadar a ratio de un profesional de hixiene dental por cada odontólogo.

Ademais, a Xunta mantén o seu compromiso de ampliar a rede de psicoloxía clínica de atención primaria de forma gradual, ata chegar en 2030 a 50 profesionais. Neste sentido, este ano xa se avanzou na incorporación de recursos humanos ata conseguir dotar a rede de 28 psicólogos clínicos.

Para incrementar a eficiencia dos equipos de atención primaria, adoptaranse medidas de apoio organizativo e funcional orientadas a reducir a carga administrativa e optimizar a xestión da demanda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, as necesidades de novas prazas de persoal de servizos xerais (PSX) estableceranse en función do número de axendas de profesionais a xestionar, considerando como número idóneo 1 PSX por cada 6 axendas que deban xestionar.

Máis tempo para cada paciente

Tanto as conclusións do citado grupo de traballo de recursos humanos como as do grupo de traballo centrado nas axendas asistenciais teñen como obxectivo principal gañar tempo para que os profesionais sanitarios lle dediquen a cada paciente.

Por iso, o Servizo Galego de Saúde está a tomar medidas para, de xeito progresivo, facer efectivas as principais propostas do grupo de traballo para a reforma das axendas: implantar axendas de calidade con tempos mínimos de consulta (10 minutos) e un limiar de 30 consultas por quenda en medicina de familia e 25 en pediatría, diminuír as tarefas administrativas que recaen sobre o persoal médico e reforzar o papel dos xefes de servizo.

Neste contexto, a Consellería de Sanidade xa está a aliviar a carga burocrática de 106 centros de saúde seleccionados a través da nova Unidade técnica de apoio á atención primaria, que desde maio xa realizou 38.000 consultas médicas. Grazas á súa posta en marcha con 20 técnicos de saúde, libérase aos médicos de familia de tarefas non clínicas como a renovación de medicación de pacientes crónicos, a elaboración de informes de saúde ou trámites administrativos relacionados coa renovación de material de ortopedia.

Aposta pola atención primaria

Tanto a excelente formación do persoal da sanidade pública como os últimos avances técnicos contribuíron a mellorar de forma constante a capacidade diagnóstica e de resolución da atención primaria.

En particular, a Consellería de Sanidade ten dotado os centros de saúde de ecógrafos, retinógrafos ou dermatoscopios que posibilitan que os pacientes resolvan determinadas probas sen necesidade de desprazarse ao hospital.

Ademais, puxéronse en marcha os equipos de enfermería de soporte de atención domiciliaria (ESAD), que permiten especialmente un mellor control dos pacientes con patoloxías crónicas.

A Xunta favorece así o potencial do nivel básico da atención sanitaria, que resolve o 90 % das consultas sobre saúde que demanda a cidadanía. Faino nun escenario de crecente complexidade clínica, envellecemento da poboación e aumento da cronicidade.

Como primeiro paso, o Servizo Galego de Saúde modificou a súa estrutura orgánica coa creación da Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria e, nas sete áreas sanitarias, contará cunha dirección dependente directamente de cada Xerencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, as medidas que a Administración autonómica presenta hoxe na mesa sectorial da Sanidade responden á necesidade de atender os retos da atención primaria cunha reforma integral, tal e como se comprometera o presidente da Xunta no Parlamento durante o debate anual do estado da autonomía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 14,5 M€ EN EQUIPAMENTO DE IMAXE DE ALTA TECNOLOXÍA MÉDICA PARA REFORZAR O LABOR ASISTENCIAL E DE INVESTIGACIÓN CLÍNICA DO CENTRO DE PROTONTERAPIA DE GALICIA

- Dotarase o centro dun equipamento híbrido PET e resonancia magnética de última xeración, doutro de tomografía computarizada de contaxe de fotóns e dunha plataforma de integración de datos clínicos e imaxe
- Os sistemas de imaxe de alta tecnoloxía médica permiten identificar con precisión o contorno, o volume e a localización da lesión que hai que tratar
- As obras e a posta en marcha deste equipamento serán complementarias á entrada en funcionamento do Centro de Protonterapia de Galicia, que está previsto que atenda os primeiros pacientes a finais de ano ou inicios de 2027
- Actualmente a Xunta está a completar a instalación e equilibrado do ciclotrón, mediante quendas de traballo de 24 horas

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, destinar 14.487.373,34 euros á contratación da subministración, implantación e posta en marcha do equipamento de imaxe de alta tecnoloxía médica que permita planificar e realizar o seguimento dos procedementos de terapia de protóns da sanidade pública. Este novo investimento potenciará o labor asistencial e tamén de investigación clínica que realizará o Centro de Protonterapia de Galicia.

En concreto, o Servizo Galego de Saúde contratará a subministración, instalación e posta en funcionamento dun equipo híbrido PET/RM (tomografía por emisión de positrons e resonancia magnética) de última xeración e tamén dun equipo de tomografía computarizada de tecnoloxía avanzada de contaxe de fotóns (PCCT) e/ou tecnoloxía espectral.

Ademais, encargárase a subministración dunha plataforma de enriquecemento, curación e integración de datos clínicos e imaxe médica.

Está previsto que a empresa adxudicataria dispoña de mes e medio, unha vez formalizado o contrato, para a entrega do plan de implantación dos equipos e o inicio do proceso de fabricación industrial.

A continuación, está previsto que en seis meses se executen as obras de adaptación e teña lugar a entrada dos equipos de imaxe médica, a súa instalación, integración e posta en funcionamento.

Este proceso será compatible coa atención dos primeiros pacientes no Centro de Protonterapia de Galicia a finais de 2026 ou principios do próximo ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a contratación inclúe o servizo de mantemento integral do equipamento e da plataforma.

Este equipamento de imaxe de alta tecnoloxía médica permite dispoñer de sistemas avanzados de adquisición, procesamento, integración e explotación de imaxe médica. Os ditos sistemas facilitan identificar con precisión o contorno, volume e localización da lesión que se debe tratar, así como o seguimento do paciente durante todo o proceso terapéutico.

Estas probas terán, así mesmo, un papel fundamental na función investigadora no ámbito da oncoloxía que teña o Centro de Protonterapia de Galicia.

Avances para o primeiro tratamento

A Xunta continúa a traballar na calibración do equipamento e na formación do persoal necesario para a posta en marcha do primeiro centro de protonterapia da sanidade pública nacional.

Actualmente, o persoal da empresa tecnolóxica responsable da fabricación, instalación e calibrado do equipo *Proteus ONE* atópase testando os sistemas clave para o funcionamento do Centro de Protonterapia de Galicia, como é o caso do ciclotrón (xerador do feixe de protóns), do gantry (o sistema que dirixe o feixe de radiación) ou do brazo robotizado de posicionamento.

Estando a realizar quendas de traballo de 24 de horas para acadar os prazos establecidos no cronograma, coa súa entrega fixada para finais do mes de outubro.

Unha vez que teña lugar a aceptación formal das instalacións, a principios de novembro comezará a fase de "comisionado clínico", unha fase de suma importancia xa que se realizará a calibración final dos equipos, previa ao uso médico.

A nova infraestrutura sanitaria será un referente a nivel estatal e atenderá, ademais de galegos, a pacientes tamén procedentes de Castela e León, Asturias e do norte de Portugal, cunha capacidade estimada de 250 persoas ao ano.

O centro estará especialmente enfocado a pacientes oncolóxicos con alta expectativa de supervivencia, prestando atención destacada á poboación infantil.

O investimento total do Centro de Protonterapia de Galicia supera os 60 millóns de euros entre a edificación e o equipamento. Nese orzamento están recollidos os 28 millóns de euros achegados pola Fundación Amancio Ortega á sanidade pública galega no marco do acordo para o impulso da protonterapia en España. As obras do edificio, impulsadas polo Goberno galego están cofinanciadas con fondos europeos do programa Feder de Galicia 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 300.000 € PARA DOTAR O CONCELLO DE FRIOL DUN EDIFICIO QUE ALBERGUE UNHA BIBLIOTECA E O MUSEO DO QUEIXO E DO PAN

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local para executar as obras no actual xulgado de paz
- O executivo autonómico cumpre co seu obxectivo de equipar os municipios das infraestruturas culturais axeitadas para dar o mellor servizo á veciñanza
- O proxecto recolle o derrubamento do inmovble para crear un espazo bibliotecario e poñer en valor os grandes baluartes gastronómicos da localidade

A Xunta de Galicia destinará 300.000€ a levar a cabo un proxecto de execución dun edificio dotacional na localidade lucense de Friol para albergar a biblioteca municipal e o museo do queixo e do pan. Así, o Consello autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Goberno local, por un valor total de 343.000€, para que o municipio conte cun espazo que funcione como dinamizador cultural e centro de cohesión social.

A actuación recolle a demolición do actual inmovble que acolle o xulgado de paz e que presenta deficiencias construtivas importantes, polo que se pretende o seu derrubamento para realizar unha construción adecuada ás novas funcións enfocadas en combinar a actividade bibliotecaria coa preservación da identidade local.

Deste xeito, para este 2026 están asignados 29.000€ dirixidos á redacción do proxecto básico de execución, a realizar estudos de seguridade, a levar a cabo diversos traballos previos, a proceder á demolición e ao acondicionamento do terreo. Mentres, para o 2027 a partida é de 271.000€ e destinaranse a continuar coa cimentación, levantar as estruturas e construír cubertas e fachadas, así como a desenvolver as distintas instalacións e a urbanizar o patio exterior.

Con esta nova actuación, o Goberno galego responde ao seu compromiso de achegar a cultura a todo o territorio nas mellores condicións, facilitando o acceso da sociedade ao coñecemento poñendo ao seu dispor equipamentos nos que se poida ofrecer un servizo de calidade.

Concretamente, esta infraestrutura permitirá ao concello lucense contar cun centro esencial como é unha biblioteca de referencia para toda a área, que contribúa ao acceso á información e á cultura eliminando todo tipo de barreiras, en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. A isto súmaselle o espazo dedicado ao museo do queixo de Friol e do pan de Ousá, que porá en valor estes dous grandes baluartes gastronómicos da zona e servirá tamén como un escaparate vivo que proxectará a comarca cara ao exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 150.000 € A ADECUAR EN ORDES UNHA SALA DE LECTURA E UN CENTRO CULTURAL MULTIÚSOS

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello para adaptar o inmobile coñecido como Baixos da Alameda
- O proxecto ten por obxectivo converter este espazo nun epicentro comunitario onde ofrecer unha programación de actividades dinámica e aberta
- O investimento vai na liña do compromiso do Goberno galego coa modernización de instalacións nos municipios de todo o territorio e co cumprimento da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

O Goberno galego destinará 150.000€ para a implantación no municipio coruñés de Ordes dunha sala de lectura e Centro Cultural Multiúsos, tras a autorización hoxe no Consello da Xunta do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello, por un valor total de 199.000€, que lle permitirá á veciñanza contar cunha infraestrutura versátil que complementa as capacidades da biblioteca municipal.

Trátase dun proxecto que recolle a adecuación do edificio denominado Baixos da Alameda, dedicado na actualidade a oficinas, e no cal se pretende levar a cabo obras que acondicionen o seu interior para transformalo nun espazo chamado a ser o epicentro cultural da localidade, xunto coa biblioteca adxacente.

Así, o investimento total da intervención distribúese en dúas anualidades, de maneira que para 2026 o Goberno galego reserva 15.896€ € destinados a traballos previos e para o 2027 achega 134.104€. Neste senso, a actuación a realizar consiste en levar a cabo demolicións e actuar sobre as fachadas e particións, ao que se suma a instalación dos distintos sistemas, a xestión de residuos e a dotación de equipamento.

O obxectivo é crear un centro deseñado para albergar todo tipo de actividades e localizado nun lugar estratéxico, de maneira que sexa un punto de encontro para a cidadanía onde poder atopar unha oferta cultural dinámica e aberta, máis alá da creación de postos de estudo ou de lectura.

Deste xeito, a Xunta comprométese a colaborar coa posta en marcha dunha infraestrutura en condicións que permita o acceso real á cultura, con programación de calidade, a todas as persoas con independencia de onde vivan, en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia e co seu plan de modernización de instalacións en todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO PARA A ORGANIZACIÓN DA 19ª FEIRA CULTURAL POR VALOR DE 90.000 €

- A Administración autonómica continúa a ser a principal entidade financiadora desta cita de referencia para o conxunto da cultura galega
- A vindeira edición do encontro desenvolverase do 27 ao 29 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra e terá unha extensión no concello de Ribeira

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio coa Asociación Cultural por importe de 90.000 euros para a organización da 19ª edición da feira de referencia para a cultura galega, que terá lugar do 27 ao 29 de novembro en Pontevedra cunha programación de distintas disciplinas artísticas, presentacións de proxectos e zona expositiva e de mercado.

A achega do Goberno galego para a celebración de Cultural 2026 mantén a mesma cantidade que a destinada en 2025, ano en que se incrementara a dotación un 5,8 % respecto aos 85.000 euros consignados en 2024. Consólidase así a colaboración económica de xeito sostido cunha cita multidisciplinar na que a Xunta continúa a ser a principal entidade financiadora desde 2014 e á que lle vén prestando nos últimos anos unha cooperación adicional mediante a organización directa de diferentes actividades no Pazo da Cultura da cidade do Lérez, sede do encontro.

O apoio ao desenvolvemento da próxima edición de Cultural, que dirixirá por cuarto ano consecutivo o escritor e xornalista Camilo Franco, xustifícase pola súa singularidade no panorama cultural galego e polos valores que suma como marca conxunta no seu ámbito. Durante os seus tres días de celebración, desenvolverá unha programación que recolle actuacións en directo de música e artes escénicas, presentacións de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros entre profesionais, patrocinadores e co público asistente, obradoiros formativos e outras actividades.

Propostas ata o 31 de agosto

Cultural 2026, que mantén aberto ata o 31 de agosto o prazo de presentación de propostas para configurar a súa programación cun especial chamamento aos novos talentos, volverá presentarse como a gran cita das industrias creativas onde se xuntan os distintos sectores da cultura galega, dándolles voz a todos os bloques temáticos: espazo para o cine, o audiovisual e as novas tecnoloxías; a música e as artes escénicas; o libro, a literatura e o mundo editorial; propostas específicas dirixidas ao público familiar e infantil; ademais de ofrecer unha zona común para a exhibición e venda de produtos e servizos culturais.

Tamén se levarán a cabo este ano distintas accións no concello de Ribeira no marco de Cultural Expandido, posto en marcha en 2023 para descentralizar as súas actividades nas semanas previas á súa celebración en Pontevedra e chegar ao público doutros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

puntos de Galicia. En 2026, Ribeira volve tomar o testemuño que xa recollera en 2025 e con anterioridade Arzúa (2024) e Vigo (2023).

Ampla representación e responsabilidade

Culturgal é o proxecto das industrias culturais que conta coa rede máis ampla de colaboradores asociativos e empresariais, xa que son as agrupacións máis representativas do sector as que se implican no seu desenvolvemento, garantindo así a súa continuidade e o asentamento dunhas liñas de traballo sólidas, ás cales se engaden moitas empresas e entidades que veñen participando asiduamente no evento tanto a nivel de patrocinios como de colaboración. Este feito converte a feira nun modelo transversal e singular, que se establece coa intención de facer da colaboración e da responsabilidade compartida un motor de futuro para a industria cultural en todas as súas manifestacións.

Integran actualmente Culturgal a Asociación Galega de Editores, a entidade xestora do dominio galego PuntoGal, Espazo Coop. Unión de Cooperativas Galegas, Eganet-Empresas galegas dedicadas a Internet e as novas tecnoloxías, Museo do Videoxogo-MUVI, Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, Clúster Audiovisual Galego, Videogoxo.gal e a Asociación Galega de Casas, Museos, Fundacións e Espazos Literarios-Religa.

Así, todas estes colectivos culturais profesionais galegos, unidos nun único ente sen ánimo de lucro e co apoio da Xunta de Galicia, garanten a continuidade deste proxecto sobre a base da responsabilidade compartida entre todos os axentes participantes: gremios, empresas, provedores, patrocinadores e público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CSIC PARA DESENVOLVER ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PARA OS VINDEIROS CATRO ANOS

- A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta esta iniciativa, que estará vixente no período 2026-2029 co fin último de mellorar a execución e o seguimento das queimas prescritas e reforzar a avaliación do risco hidrolóxico-erosivo posterior aos lumes
- O convenio recolle actuacións divididas en tres bloques, tendo en conta os traballos nas zonas vulnerables á erosión despois dun incendio, os labores de prevención a través do uso das queimas prescritas e a formación do persoal
- O Goberno autonómico contribuirá ao convenio cun investimento de 170.000 euros procedentes de fondos propios, e con el financiaranse os gastos asociados á realización das actividades previstas nesta colaboración
- Pola súa banda, o CSIC achegará ao proxecto os medios persoais, materiais e laboratorios propios necesarios, cunha valoración económica estimada de preto de 159.000 euros

A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta a autorización da sinatura do convenio entre o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) a través da Misión Biolóxica de Galicia e o Goberno autonómico para a realización conxunta de actuacións en materia de prevención de incendios forestais durante o período 2026-2029.

O fin último desta iniciativa é mellorar a execución e seguimento das queimas prescritas e reforzar a avaliación do risco hidrolóxico-erosivo posterior aos lumes, mediante a incorporación de coñecemento científico-técnico especializado, traballo de campo, análise de datos, elaboración de informes e formación ao persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF).

Neste sentido, o convenio recolle actuacións divididas en tres bloques, tendo en conta os traballos nas zonas vulnerables á erosión despois dun incendio, os labores de prevención a través do uso das queimas prescritas e a formación do persoal.

Actuacións enmarcadas dentro do convenio

En primeiro lugar, nas zonas vulnerables á erosión, realizaranse análises da severidade do lume e do risco hidrolóxico-erosivo, con avaliacións incluírán o cálculo de índices espectrais, a toma de datos de campo, a caracterización dos recursos en risco, a instalación de parcelas de mostraxe e a análise da afectación do lume na vexetación e no solo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, no relativo ás queimas prescritas, realizarase a monitorización das condicións de execución destas queimas. A mencionada monitorización incluírá a descrición dos combustibles e a caracterización das condicións meteorolóxicas durante a súa realización. A maiores, nas áreas previstas para a execución de queimas prescritas instalaranse parcelas de seguimento en que se tomarán datos antes, durante e despois da execución dos tratamentos coa finalidade de avaliar o grao de redución do combustible, a severidade do lume no solo, a recuperación da cuberta vexetal e a eficacia das actuacións realizadas. Por último, formarase o persoal do servizo a través dos cursos organizados pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e elaborárase o material didáctico necesario.

O Goberno autonómico contribuirá ao convenio cun investimento de 170.000 euros procedentes de fondos propios, e con el financiaranse os gastos asociados á realización das actividades previstas nesta colaboración. Pola súa banda, o CSIC achegará ao proxecto os medios persoais, materiais e laboratorios propios necesarios, cunha valoración económica estimada de preto de 159.000 euros. Polo tanto, a iniciativa contará cun orzamento conxunto de case 329.000 euros.

Mellora do coñecemento científico-técnico

A posta en marcha desta colaboración nace da existencia dun interese común entre a Consellería do Medio Rural e o CISC, co obxectivo de mellorar o coñecemento científico-técnico e a capacidade de actuación en materia de prevención de incendios forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE AS AULAS GALEGAS CONTARÁN CON 900 PROFESORES MÁIS NA ETAPA DE SECUNDARIA O VINDEIRO CURSO GRAZAS ÁS NOVAS MEDIDAS DO ACORDO DE MELLORA EDUCATIVA

- Explica que a meirande parte deste reforzo de cadro de persoal, uns 747 docentes, derívanse da reconfiguración do horario docente para garantir unha mellor atención ao alumnado e ás familias
- Ao abeiro do Plan de atención á diversidade, sinala que se incorporarán “outros 100 especialistas en Pedagogía Terapéutica e 50 orientadores a maiores” para seguir reforzando o sistema educativo galego como o máis inclusivo de España
- Este setembro complétase a redución de ratios de 25 a 20 alumnos por aula en toda a etapa de Infantil e continúaase coa folga de ruta para a baixada progresiva no resto das etapas, prevendo a de Secundaria a partir do curso 2028/29

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que as aulas galegas contarán con “preto de 900 profesores máis -897- na etapa de secundaria o próximo curso, co obxectivo de garantir unha atención aos alumnos máis individualizada e ter en conta o aumento da diversidade e o ensino inclusivo nas aulas”.

Isto será posible grazas á aplicación, xa desde setembro, das novas medidas incorporadas este ano ao Acordo de mellora educativa asinado entre a Xunta e os sindicatos CCOO, ANPE, UGT e CSIF, como é a reconfiguración do horario do profesorado desta etapa e o reforzo da atención á diversidade. A terceira das medidas pechada recentemente, a redución progresiva de ratios en ESO e bacharelato, comezará a executarse a partir do curso 2028/29.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP deu conta ante o Consello da Xunta dun informe sobre a dotación adicional de profesorado nos centros de Educación Secundaria o vindeiro curso.

A meirande parte deste reforzo de cadro de persoal vén derivado da reconfiguración do horario docente de secundaria co obxectivo de garantir unha mellor atención ao alumnado e ás familias. Esta reconfiguración implica a incorporación ao sistema de 747 profesores a maiores.

Esta medida, que supón adaptar o traballo docente á realidade actual dos centros educativos, redundará nunha maior dispoñibilidade para “tarefas complementarias á ensinanza”, sinalou Rueda, facendo referencia á xestión de protocolos educativos, atención ás familias e aos alumnos, as gardas ou para desenvolver iniciativas en ámbitos como as novas tecnoloxías, os idiomas, a convivencia ou as bibliotecas escolares, entre outras accións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reforzo na atención á diversidade

Tamén a partir de setembro arrancan as primeiras medidas do Plan de impulso á atención á diversidade para o período 2026-2030 coa "dotación de 150 docentes especialistas máis en secundaria". Trátase, detallou o presidente, de "100 especialistas en pedagogía terapéutica e 50 orientadores" dentro dun amplo paquete que inclúe tamén amplas medidas de formación, actualización normativa, revisión de estruturas e redución de burocracia para avanzar nun ensino plenamente inclusivo.

Esta medida vai reforzar aínda máis o liderado de Galicia a nivel estatal en garantir unha atención máis personalizada e súmase ás acordadas en 2023 coas mesmas organizacións sindicais e xa en aplicación, como a ponderación do alumnado con necesidades á hora de conformar grupos que agora quere ser imitada no resto de España. Cómpre lembrar que o sistema educativo galego é o máis inclusivo de España co 94,2 % do alumnado con necesidades escolarizado en centros ordinarios fronte á media estatal situada no 85,7 %.

Redución de ratios en secundaria

Este paquete de melloras impulsado este curso sobre as asinadas no Acordo marco de 2023 completárase co inicio da redución progresiva de ratios en secundaria a partir do curso 2028/29.

Así pois, o vindeiro setembro complétase a redución de ratios de 25 a 20 alumnos en toda a etapa de infantil (antes era de 25), e o ano que vén arrancará o mesmo proceso en primaria, pasando de 25 a 20. En setembro de 2028, emprenderase a rebaixa en ESO, pasando de 30 a 25. Ano a ano, irá cubrindo progresivamente o resto de cursos. En bacharelato, mentres no Estado a ratio é de 35, Galicia xa está en 33 e continuarán descendendo ata 30 alumnos por aula con base neste calendario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RDG INICIA OS TRÁMITES PARA DESENVOLVER A SÚA PRIMEIRA AMPLIACIÓN DE CAPITAL E ESTENDER Á CIDADANÍA OS BENEFICIOS DOS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

- A Xunta, accionista principal da sociedade, reorganizará os seus activos para garantir que o aproveitamento dos recursos naturais quede na Comunidade
- Recursos de Galicia iniciará esta semana un proceso de diálogo co sector empresarial para facilitar a participación de todas aquelas compañías que desexen sumarse, con independencia do seu tamaño
- Está previsto que a sociedade público-privada alcance tras este movemento un capital social de entre 100,6 e 150,9 millóns de euros

Recursos de Galicia (RDG), sociedade público-privada na que a Xunta é a accionista principal, iniciará os trámites para ampliar por primeira vez o seu capital social, segundo un informe do que hoxe tomou coñecemento o Consello. A operación dá continuidade ao anuncio realizado polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o pasado abril, no Debate sobre o Estado da Autonomía, e permitirá á compañía gañar músculo financeiro para estender á cidadanía os beneficios derivados dos recursos naturais, tal e como establece a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

O investimento da Xunta de Galicia na ampliación de capital, a primeira destas características que pon en marcha RDG, será as súas participacións en activos enerxéticos dentro do territorio galego. O valor desta achega será fixado por un experto independente designado polo Rexistro Mercantil, cuxa designación se solicitará este mesmo mes. Para isto, na ampliación de capital a Xunta entrará cunha achega en especie coas participacións súas en sociedades enerxéticas cuxos activos estean integramente situados na comunidade autónoma: o seu 30,92 % de Nedgia Galicia e o entre 3 % e o 4 % que o Inega posúe en seis parques eólicos (cunha potencia instalada conxunta de 186 MW).

Neste proceso poderán participar todos os socios fundacionais e outros novos do sector privado. Igual que aos actuais, aos novos accionistas esixiránselles dúas condicións: compromiso con Galicia, materializado a través da súa domiciliación na comunidade autónoma, e que a principal fonte dos seus ingresos non proceda nin da enerxía nin da minería.

Reunións con clústeres e confederacións de empresarios

Para dar a oportunidade a que o maior número posible de empresas poida entrar na ampliación, RDG e Consellería de Economía e Industria iniciarán esta semana un proceso de diálogo cos clústeres e as confederacións empresariais galegas e, deste xeito, as empresas que desexen sumarse coñezan o procedemento para facelo. Nestas reunións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

participarán a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, e o conselleiro delegado de RDG, Emilio Bruquetas. O calendario da ampliación sitúa en decembro a súa aprobación definitiva.

Despois de adquirir o parque de Mondigo, nos concellos lucenses de Barreiros, Ribadeo e Trabada, RDG puxo en marcha unha nova política eólica asentada en catro piares: descontos directos na factura eléctrica para a veciñanza; tarifas competitivas e estables para as empresas; incorporación do interese local, abrindo a propiedade dos activos aos concellos e fomentando o diálogo constante con alcaldes e residentes; e garantía de que o 100 % da enerxía producida en Galicia —aquela xestionada por RDG— reverta no territorio. A compañía quere agora trasladar estas vantaxes ao resto de Galicia e a outras tecnoloxías.

Está previsto que, tras a ampliación, RDG pase dun capital social de 43,6 millóns de euros a outro de entre 100,6 e 150,9 millóns de euros. O peso da Administración no accionariado —no que entrará directamente o Inega— situarase, despois dos cambios, nunha contorna similar á actual, que ascende ao 34,44%.

Recursos de Galicia constituíuse como sociedade público-privada o 13 de novembro de 2023, para poñer en valor de forma sostible os recursos naturais de Galicia, cunha participación pública inicial do 30 % xunto a outros socios privados galegos (entre eles Abanca, Invernatur Galicia, Inversiones Cabicastro, Martabela e Gadisa).

O accionariado actual de RDG compóñeno a Xunta de Galicia e unha parte privada integrada por 32 empresas que sosteñen máis de 21.000 empregos directos e achegan anualmente un 14 % do produto interior bruto da comunidade.

Desde a súa creación, a compañía materializou os seguintes investimentos: a adquisición do 100 % do parque eólico de Mondigo, primeira gran operación da sociedade que contempla descontos de ata un 80 % na factura eléctrica duns 500 fogares; e a entrada cun 10 % no capital de Recursos Minerales de Galicia, promotora da mina de Doade (Ourense), proxecto declarado estratéxico pola Comisión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CRIBADO NEONATAL DA XUNTA PERMITIU DETECTAR MÁIS DE 1.400 CASOS DE ENFERMIDADES GRAVES NO ESTUDO DE PRETO DE 500.000 BEBÉS

- A Estratexia Galega de Detección Precoz Neonatal acada unha cobertura superior ao 99,95 %, integrando os programas de cribado metabólico, de hipoacusia neonatal e de cardiopatías conxénitas críticas
- En conxunto, estes cribados permitiron detectar 970 casos de enfermidades endócrino-metabólicas, 462 de hipoacusia e 1 caso de coartación de aorta
- Galicia dispón da carteira de cribado neonatal máis ampla de España, con 51 patoloxías incluídas
- A detección precoz das enfermidades permite iniciar os tratamentos antes da aparición dos seus síntomas, reducir a taxa de mortalidade e previr discapacidades permanentes

O Consello da Xunta abordou esta mañá un informe co balance da Estratexia galega de detección precoz neonatal, unha iniciativa coa que realizou probas de cribado a 500.000 bebés e que permitiu detectar de forma temperá un total 1.431 casos de enfermidades potencialmente graves.

A estratexia, que acada unha cobertura superior ao 99,95 %, integra os programas de cribado de enfermidades endócrino-metabólicas, hipoacusia neonatal e cardiopatías conxénitas críticas, co obxectivo de iniciar tratamentos antes da aparición dos síntomas e mellorar a supervivencia e a calidade de vida da poboación infantil.

Desde o ano 2000, o Programa galego de cribado neonatal de enfermidades endócrino-metabólicas permitiu detectar un total de 970 casos, tratándose do programa con maior traxectoria da estratexia e tamén do que goza dunha participación máis elevada, arredor do 100 %.

Nomeadamente, entre os casos diagnosticados destacan 436 enfermidades metabólicas, 371 casos de fenilcetonuria, 78 de fibrose quística, 70 de hipotiroidismo conxénito, 5 de atrofia muscular espiñal, 5 da enfermidade de Pompe, 2 de inmunodeficiencia combinada grave, 2 de hiperplasia suprarrenal conxénita e 1 de mucopolisacaridose tipo I.

Pola súa banda, o Programa de detección precoz da hipoacusia neonatal, destinado a detectar a perda ou diminución da capacidade auditiva, identificou 462 casos desde a súa implantación. Así, só en 2025 deriváronse un total de 128 nenos a diagnóstico, co que se confirmaron 17 novos casos.

No que atinxe ao cribado das cardiopatías conxénitas críticas, implantado mediante unha proba de pulsioximetría completamente indolora e non invasiva, acadou no seu

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

primeiro ano unha cobertura do 99,6 %, con 14.797 neonatos cribados. Desta cifra, confirmouse de forma temperá un novo caso de coartación de aorta, mentres que outros dous casos permanecen en seguimento pola Unidade de Cardiopatías Conxénitas.

Galicia lidera o cribado neonatal en España

Galicia foi unha das primeiras comunidades en implantar o cribado neonatal de enfermidades conxénitas.

Na actualidade conta coa carteira de servizos máis ampla de España, cun panel principal de 37 enfermidades —21 recollidas na carteira común do Sistema nacional de saúde e 16 adicionais incorporadas pola comunidade autónoma—. A todas elas, engádese un panel complementario con 14 enfermidades secundarias.

En total, o sistema sanitario público galego estuda un total de 51 patoloxías, situando Galicia á cabeza das comunidades autónomas no ámbito da detección precoz neonatal, ao tempo que consolida a súa aposta pola innovación diagnóstica e a medicina personalizada.

Este modelo reflicte o compromiso da Xunta pola prevención e pola protección da saúde desde o nacemento. Aliñado coa Estratexia galega de enfermidades raras e coa medicina personalizada, permite realizar diagnósticos máis precisos e iniciar tratamentos de forma temperá, mellorando o prognóstico das enfermidades, reducindo a mortalidade infantil evitable e previndo discapacidades permanentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA LEVA A CANDIDATURA DA RIBEIRA SACRA AO COMITÉ DE PATRIMONIO MUNDIAL QUE COMEZA HOXE EN COREA

- O conselleiro de Cultura salienta a singularidade da paisaxe e o patrimonio hidráulico como os principais elementos para obter este recoñecemento da Unesco
- Os 33 expedientes presentados serán avaliados por unha vintena de expertos entre as xornadas do venres e o luns
- Destaca que a Xunta investiu “8 M€ na conservación de bens da Ribeira Sacra” e levou a cabo 90 actuacións en colaboración con outras administracións e entidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo hoxe en valor a candidatura “sólida, rigorosa e novidosa” que o Goberno autonómico presenta da Ribeira Sacra ante o Comité de Patrimonio Mundial que comeza hoxe na República de Corea. Unha proposta que fai fincapé na singularidade da paisaxe e o patrimonio hidráulico desta zona para acadar o recoñecemento que concede a Unesco.

Rueda lembrou que a Xunta investiu 8 millóns de euros nos últimos anos na conservación de bens da Ribeira Sacra e que levou a cabo 90 actuacións en colaboración con outras administracións e entidades. Nesta liña, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, resaltou que esta “candidatura de país” xa permitiu que a Ribeira Sacra “sexa un territorio máis vivo, coidado e recoñecido”

Tal e como se deu conta no Consello de hoxe, o Comité que arranca hoxe en Corea e que se celebrará ata o vindeiro 29 de xullo, contará coa asistencia do director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, que estará acompañado polo coordinador da candidatura da Ribeira Sacra, Mario Crecente. Así mesmo, tamén está prevista a asistencia do embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta, así como de representantes do Ministerio de Cultura e do de Asuntos Exteriores, UE e Cooperación.

En total, serán 33 os expedientes que serán avaliados nesta sesión co fin de acadar o máximo recoñecemento patrimonial por parte da Unesco. Esta valoración farase ao longo das xornadas do venres, do sábado, do domingo e do luns. A programación rematará o mércores 29 coa aprobación do informe final, a adopción de decisións e a clausura oficial do Comité. A previsión, segundo explicou o conselleiro, é que a resolución sobre a candidatura galega coñezase “entre o domingo 26 e o luns 27”.

Cómpre lembrar que este encontro se leva a cabo na cidade de Busán, onde o expediente será analizado por 21 embaixadores de Estados membros. En concreto, avaliarán a candidatura da Ribeira Sacra os países de Armenia, Acerbaixán, Bangladesh, Chequia, Granada, Xamaica, Kazakistán, Kenia, Kuwait, Líbano, Mongolia, Perú, Polonia, República de Corea, Senegal, Suíza, Togo, Turquía, Ucraína, República Unida de Tanzania e Vietnam.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda lembrou que a candidatura da Ribeira Sacra chega ao Comité de Patrimonio Mundial “despois dun longo traballo iniciado hai décadas e ao abeiro do traballo coordinado entre o Goberno galego, o embaixador de España ante a Unesco e o Ministerio de Cultura”. Así, o informe que se valorará esta semana en Corea é o resultado do traballo feito tras o aprazamento estratéxico decidido no ano 2021 para reformular, revisar, fortalecer e mellorar o expediente elaborando contidos específicos que afonden nos valores da Ribeira Sacra e impulsen a súa candidatura co máximo rigor e calidade.

Trátase, en definitiva, dunha proposta sólida, rigorosa e novidosa que se basea nos atributos excepcionais e únicos desta paisaxe construída co uso da auga e que non está presente aínda de xeito suficiente na Lista de Patrimonio Mundial. Deste xeito, buscou deixar constancia do carácter único deste territorio amosando desde a espectacularidade dos canóns e vales fluviais esculpidos pola auga ata o relevante do seu patrimonio hidráulico, con infraestruturas que teñen chegado aos nosos días como muíños, centrais ou os saltos impresionantes de auga.

De xeito paralelo aos traballos técnicos da candidatura, a Xunta de Galicia, como mostra do seu compromiso para que Ribeira Sacra sexa un territorio máis vivo e recoñecido, traballou na conservación e posta en valor de diferentes bens patrimoniais desta comarca das provincias de Lugo e Ourense. Así, ao longo deste período, a Administración autonómica executou, en solitario ou en colaboración con outras institucións e concellos, diferentes actuacións tanto en materia arquitectónica como arqueolóxica en diferentes bens como igrexas, mosteiros, museos, castros ou xacementos romanos, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 40% EN MENOS DUN MES AS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS CON TRABALLOS PREVENTIVOS EN 3.630 PARCELAS

- O Goberno galego tomou hoxe razón dun informe da Consellería do Medio Rural sobre o convenio de colaboración asinado coa empresa pública Seaga, e a través do cal se presta apoio a administracións locais e propietarios no cumprimento das súas obrigas nestas áreas
- Esta é unha das posibilidades que ofrece mencionado acordo, aínda que é importante ter en conta que os labores deben ser solicitados polos propietarios dos predios, que teñen a posibilidade de contratar directamente coa empresa pública estas actuacións a un prezo moi competitivo
- Ata o de agora un total de 300 concellos teñen solicitada a súa adhesión, dos cales 275 teñen o Plan Municipal de Prevención aprobado, o que supón un 92 % do total

A Xunta incrementou nun 40 % en menos dun mes as actuacións preventivas de xestión da biomasa en faixas secundarias, con traballos en 3.630 parcelas de 89 parroquias priorizadas de toda Galicia. Estes labores enmárcanse no convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a empresa pública Seaga. Cómpre lembrar que esta é unha das posibilidades que se ofrece no mencionado acordo, aínda que é importante ter en conta que os labores deben ser solicitados polos propietarios dos predios, que poden contratar a Seaga para levar a cabo estas actuacións a un prezo moi competitivo, de 420 euros por hectárea.

A maiores actuouse en algo máis de 413 quilómetros de vías municipais. Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta, e que fai un balance das actividades realizadas no marco deste convenio. Neste contexto cabe sinalar que os titulares das fincas localizadas nestas franxas tiveron ata o 31 de maio para levar a cabo a limpeza dos seus predios. Neste sentido, é a partir desta data cando Seaga pode colaborar na inspección, e posterior execución subsidiaria de ser o caso, sempre que os concellos o soliciten dentro dos apoios que se ofrecen no acordo. Neste contexto, a data de 30 de xuño deste ano enviáronse xa a particulares un total de 27.768 dilixencias de notificacións correspondentes a inspeccións realizadas na anualidade de 2025.

Na actualidade teñen solicitada a súa adhesión un total de 300 concellos, dos cales 275 teñen o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado, o que supón un 92 % do total. Polo tanto, son 13 os municipios galegos que non manifestaron polo de agora a vontade de formar parte desta iniciativa. Trátase dos de Narón, Oleiros e Sada, na provincia da Coruña; Abadín, Castroverde, Cervantes, Meira e Muras, na de Lugo; Ramirás e Viana do Bolo, na de Ourense; e Illa de Arousa, Vigo e Vila de Cruces, na de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo caso, son os concellos os que teñen que solicitar os apoios ofrecidos ao abeiro do convenio e, polo de agora, só 170 dos adheridos o fixeron. Xa que logo, arredor do 43 % dos municipios aínda non pediron a execución de actuacións.

Apoios enmarcados no convenio

Neste sentido, a través do acordo impulsado pola Consellería do Medio Rural en colaboración coa empresa pública Seaga procúrase apoiar a propietarios e concellos no cumprimento das súas obrigas en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais nas faixas secundarias. É dicir, os 50 metros que rodean os núcleos de poboación e que se atopan máis próximas ás vivendas.

A xestión da biomasa nestas zonas é responsabilidade dos particulares e, en caso de incumprimento, son os concellos os que deben executala de maneira subsidiaria, tal e como establece a Lei de incendios. O actual acordo, asinado a finais de 2025 e con vixencia ata o 2029, conta cun orzamento anual de 25 millóns de euros, o dobre que o anterior.

Ademais do incremento da dotación económica, o actual acordo inclúe importantes novidades moi vantaxosas. Este é o caso do reforzo do apoio que se presta aos municipios, en especial a aqueles de menos de 10.000 habitantes; así como aos particulares. Incrementouse o número de parroquias priorizadas (aquelas nas que os propietarios poden contratar a Seaga), que pasan de 157 a 276.

A maiores, ofrécense os servizos desta empresa pública para realizar execucións subsidiarias en ata 10 hectáreas por concello e ano fóra desas parroquias, e na limpeza de 12 quilómetros de vías municipais; cuestións que os concellos deberán identificar e solicitar. Seguindo esta liña de apoio, a través de Seaga os concellos adheridos terán á súa disposición axuda para a revisión ou modificación do plan municipal de prevención; e tamén apoio para realizar as inspeccións e notificacións aos titulares das fincas, sempre e cando o pidan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 6,9 M€ PARA MODERNIZAR AS INFRAESTRUTURAS E OS EQUIPAMENTOS DOS PORTOS PESQUEIROS E LONXAS GALEGAS

- O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe sobre a resolución da convocatoria de 2026 destas axudas, que financiará un total de 59 proxectos colectivos presentados por confrarías, organizacións de produtores e cooperativas
- O importe concedido medra un 6,11 % respecto ao ano anterior, o que demostra que o sector aposta por investimentos de maior envergadura económica e calidade técnica
- Como principal novidade deste ano, as entidades beneficiarias poderán solicitar o anticipo do 100 % da subvención sen necesidade de achegar avais, evitando sobrecustos de financiamento ao sector

O Consello da Xunta tomou coñecemento hoxe dun informe da Consellería do Mar sobre a concesión da convocatoria de 2026 das axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora das infraestruturas e os equipamentos dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros. Esta orde, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), consolida o apoio estratéxico do Executivo galego cunha inxección que dá continuidade aos máis de 18,6 millóns de euros investidos nestas mesmas liñas durante o período 2022-2025.

Nesta anualidade, un total de 59 solicitudes resultaron resoltas favorablemente por un importe global de 6.872.487,64 euros. Desta contía, 4.795.785,99 euros executaranse ao longo do presente exercicio de 2026, e os 2.076.701,65 euros restantes corresponden á anualidade de 2027. O orzamento concedido medrou desde os case 6,5 millóns de euros da pasada edición, confirmando a robustez e ambición dos proxectos aprobados.

As iniciativas subvencionadas encádranse en cinco grandes obxectivos operativos enfocados a avanzar cara á neutralidade climática e a mellora da competitividade do complexo mar-industria de Galicia. No ámbito da eficiencia enerxética e a protección ambiental, as axudas financiarán a instalación de sistemas de iluminación led con controis de acendido, a optimización técnica en instalacións de frío —como motores, compresores ou condensadores— e o desenvolvemento de enerxías renovables para autoconsumo eléctrico ou térmico mediante fontes fotovoltaicas, eólicas, de biomasa, aerotermia ou solar térmica, ademais de contedores homologados para lixos.

Do mesmo xeito, as achegas incidirán na mellora da seguridade e das condicións de traballo coa adquisición de guindastres para varada, carros automotores semisumervixibles, carros varadoiro e equipos de movemento de cargas, así como cámaras independentes para a almacenaxe de cebo. Finalmente, as actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

abranguen a modernización de equipos para garantir a calidade, control e rastrexabilidade dos produtos da pesca —a través de sistemas de limpeza, pesaxe, clasificación e mesas de exposición— e o reforzo da resiliencia das infraestruturas fronte aos posibles efectos do cambio climático mediante obras de illamento, melloras en tellados, cubertas ou carpintarías, e reformas estruturais en pantaláns.

Exención de avais

A Consellería do Mar salientou que estas axudas financian o 100 % do investimento elixible das entidades sen ánimo de lucro (confrarías, cooperativas, redeiras ou asociacións profesionais). O sector valorou moi positivamente a histórica medida autorizada polo Consello de eximir as entidades da entrega de avais ou garantías para dispoñer do adianto integral da contía, o que supón un aforro directo ao non requirirse a subscripción de pólizas ou liñas de crédito bancarias para a execución material das obras.